

# DON GOLFIÑO

300 pts / 1,8 euros

Novembro 2000

CADERNOS DE DIVULGACIÓN DA NATUREZA  
DO COLECTIVO ECOLOXISTA DO SALNÉS

## As artes de pesca



De novo con nós, Don Golfiño vainos explicar as distintas artes de pesca utilizadas nas nosas costas para a captura de peixe e marisco. Cada especie e cada zona de pesca posúen características particulares que obrigan a utilizar métodos de pesca axeitados para obter o maior éxito posible nas capturas, pero buscando sempre que sexan selectivas e que non esquilmen o medio mariño.

**Autores: Adela Leiro Lois  
Mon Daporta Padín**

**Ilustracións artes de pesca:  
Mon Daporta Padín**

**Ilustracións “Don Golfiño”:  
Pedro Paquay Rovira**

**Edita: COLECTIVO ECOLOXISTA DO SALNÉS  
Aptdo. 100 O Grove  
E-mail: oscartel@teleline.es**

**Depósito legal: PO-36-99**




Desta vez pódemos parecer estranxo que un caderno de divulgación da natureza poída estar adicado a unha actividade que captura 65 millóns de toneladas de peixes e mariscos, e destrúe outra gran cantidade sen aproveitamento ningún. Pero ainda que así sexa, imos facer un repaso das artes que permiten a captura e extracción de especies mariñas e da súa forma de traballar para que poidades comprobar o coñecemento do medio, e os coñecementos tecnolóxicos que son necesarios para poder facelo con aproveitamento.

O éxito das capturas depende do coñecemento das especies, dos lugares que habitan, dos seus costumes, da súa alimentación, de saber ler as pistas que delatan a súa presencia, os sinais da súa actividade, ou calquera outro detalle ou circunstancia que permita o seu descubrimento para poder proceder á captura.

Eu que xa vou entrado en anos, aínda recordo as redes de cáñamo e de algodón tinguidas, con cheiro de encascador, e os cabos de esparto, as boias e os boureis de auténtica cortiza natural e ramos de loureiro. Pero co tempo chegan os adiantos, e con eles as melloras para os homes e as calamidades para nós. Daquela unha rede no fondo do mar duraba como moito uns poucos anos, e agora pode durar máis de mil, e durante ese tempo segue a ser unha trampa mortal. As redes eran más pequenas e más visíbles e polo mar non había tanta circulación nin tanto ruído. Naqueles tempos ata nos achegabamos ás beiradas, entrabamos nos portos e viamós á xente de preto nas praias e nos peiraos.

¡Canto tempo hai que non fago unha desas viaxes! Xa non teño ganas nin me atrevo. ¡Calquera se atretie tal e como andan agora as cousas!



As actividades pesqueiras e mariñeiras realizanse desde os primeiros tempos da humanidade. As capturas empezaron facéndose coas mans, na beira do mar ou nas secas da baixamar, recollendo animais que viven apegados ás pedras, nas fendas das rochas, nas pozas, ou lixeiramente enterrados, do mesmo xeito que áinda se fai agora cos mexillóns, as lapas, camaróns, lorchos, cangrexos, berberichos e ameixas. Aínda podemos ver persoas que van buscar a "caldeirada" desta maneira.

A introducción de artes e aparelllos, nun primeiro tempo os mesmos que se usaban na caza e na agricultura, fixose para facilitar o traballo e aumentar as capturas. Así, as lanzas convertérónse en arpóns, cestos e redes de caza convertérónse en nasas e aparellos e os legóns que cavaban a terra remexeron as areas para desenterrar mariscos.


Aqueles aparellos, mália a súa evolución, seguen a estar presentes nas estructuras básicas dos actuais. Evolucionaron no tamaño en función da cantidade de pesca que se quería obter -paso da pesca de subsistencia á pesca comercial- e da zona onde se traballara -desde a beira do mar, ou dos intermares, ás zonas alonxadas da costa. Na actualidade os tipos e os materiais das artes de pesca son tan ricos e variados que sería moi longo enumeralos todos, xa que cada porto, case cada barco, e cada mariñeiro ten a súa propia maneira de entender e resolver os problemas que se lle presentan buscando e adoptando a solución que cremais conveniente.

Entre as artes tradicionais están as más sinxelas á vez que as más selectivas: as que implican un maior coñecemento dos seres mariños e o seu mundo.

Aínda que xeralmente os mariñeiros sempre van "pescar" e sempre falan da "pesca" e do "peixe" non imos diferenciar, dentro do posible, as artes de pesca propriamente ditas - que se usan fundamentalmente para a captura dos peixes- e as de marisqueo -para captura dos mariscos (crustáceos, moluscos, equinodermos...)-. Nin as unhas nin as outras son monoespecíficas, senón que, segundo os casos ou as circunstancias, os momentos ou os lugares, poden adicarse a unha ou a outra función, ou ás dúas ó mesmo tempo.

Como xa me parece introducción suficiente imos aló Pero antes, non está de máis repetilo, os aparellos fanse para pescar, e o seu éxito depende:

- do coñecemento das especies que se pretenden capturar: as súas características, hábitat e costumes;
- do rendemento mecánico: a simplicidade estructural e a forma de facer o traballo máis doado;
- do rendemento económico.






## APARELLOS PARA EXCAVAR


Empréganse para extraer especies que viven enterradas, xeralmente moluscos bivalvos. Estes aparellos remexen o substrato, alteran as condicións do mesmo e interfiren nos ciclos doutras especies danándoas directamente ou danando o medio no que se desenvolven. Incluso entre estas artes, tan pouco selectivas, as que teñen dentes fan unha selección por tamaños - segundo a separación que hai entre eles e a malla dos copes- e unha selección de especies, xa que a lonxitude e a posición dos dentes determina a profundidade de excavación.

### Sacho

Deriva dos aparellos de cavar na terra. Úsase para apañar ameixas e berberichos. O sacho da navalla úsase para apañar navallas no intermareal e manéxase cunha man soa.



Tamén existiu un sacho de andar ó burato, semellante ó normal, pero moito máis pequeno.





### Ganchelo, culler e sacharela

Úsanse para apañar ameixas. Son artes moi selectivas. Con elas só se apaña unha especie. Para sacarlles proveito é necesario coñecer as marcas, os buratos que se forman na area no sitio por onde os animais bombean e filtran a auga para alimentarse.

## Angazos

Úsanse para desenterrar berberichos e ameixas nos intermareais. Trabállase a pé e cóllense as capturas á man ou coa axuda dun salabardo que serve para lavalas e seleccionalas.






Distintos tipos de angazos. Os de dentes más longos úsanse para as ameixas.

## Raño e rasto

Son semellantes ó angazo, de maior tamaño e levan incorporada unha rede (*rasto*) ou unha estrutura metálica (*raño*) para recoller as capturas.

Úsanse a pé ou desde unha pequena embarcación. Manéxanse cunha vara longa que, segundo a súa lonxitude, permite traballar ata fonsuras de 5 m.





### Raño (arriba) e rasto (abaixo).

Para traballar en zonas de moita fonsura átase á parte de atrás do marco (que neses casos é triangular) unha táboa para que "voe" mellor (que se desprase na auga a maior distancia) e para facer de timón de xeito que se manteña na posición correcta.

### Cans

Son semellantes ós anteriores, de maior tamaño, coa estrutura máis reforzada para seren remolcados por embarcacións a motor.



O can da navalla ten dentes de ata 40 cm de lonxitude, o da ameixa de ata 25 cm. Arrástrase pola popa do barco, xeralmente dous. O seu uso está prohibido.



O tamaño dos rastos e dos cans está en relación coa potencia da embarcación.

### Rasto da viera



Ten a particularidade de que os dentes son curtos e dobrados cara atrás para que non se enteren no substrato, xa que as vieiras, zamburiñas e volandeiras que captura, viven pousadas no fondo. Arrástanse pola popa do barco, xeralmente dous.



## Forquilla

Ten dous mangos formando ángulo recto. O que coincide na vertical dos dentes úsase para espetar a forquilla e apalancar o terreo. Co outro levántase a forquilla en posición horizontal para lavar e evitar que caian as capturas.

Trabállase a pé, coa auga ata medio corpo. Como elementos complementarios úsase un flotador cunha rede incorporada para gardar o marisco e un "mono", pantalón de goma que chega ata o peito. Úsase, segundo a lonxitude dos dentes, para apañar ameixas ou navallas. Está prohibida.













# NASAS

Atrapan ás especies que son atraídas a elas case sempre por un engado. Teñen unha entrada dourada e unha saída dificultosa. Lárganse en caceas unindo varias nasas a unha guía común rematada nunha boia que permite localizalas e recuperalas.

Seleccionan ás especies polo tipo de alimentación, polo tamaño das aberturas da entrada e das mallas.



Diferentes tipos de nasas




Nasa das fanecas

Nasa de bimbias

Nasa aberta para o polbo

## Nasa da anguía ou buitrón

Captura especies de fondo. Ármanse en caceas que se fondean formando unha barreira que obriga ó peixe a entrar polas bocas. Úsanse en zonas de pouco calado que quedan en seco, fundamentalmente para pescar anguías. Para usar esta arte precisase coñecer o terreo, os niveis da marea e os desprazamentos que realizan as especies.






## APARELLOS CON ANZOIS OU PICAS



Os anzois son pezas curvas con garfos que se cravan na boca dos peixes cando tentan comer o engado.

As capturas fanse individualmente (cada anzol só colle un peixe). Seleccionan o tamaño da captura en función do tamaño do anzol e, en moitos casos, á especie polo tipo de engado.



### Liñas

Son fíos de lonxitude variable que levan anzois no seu remate. Recóllense en paus, cortizas ou gradeillas e presentan moitas variantes. Úsanse, desde os peiraos ou desde embarcacións, para capturar todo tipo de peixes.




### Curricán

Liñas engadadas arrastradas por un barco en marcha. Aproveita a voracidade dos peixes e o seu costume de capturar presas vivas. Úsase fundamentalmente para a pesca do bonito.

### Palangres


Están formados por unha tralla (madre) e un número variable de brazoladas (anacos de tanza de ata 1 braza) no que se empantan picas ou anzois. Pódense calar ó fondo ou a diferentes alturas segundo o que se queira pescar.

O oficio chámase andar ó pincho.




**Vara**

Úsase desde terra para pescar congos. Déixase metida nas fendas ou buratos onde se agochan os peixes e retírase ó cabo dun tempo.



**Canas**

Son liñas que como complemento levan a cana que permite un lanzamento máis lonxano ou botar os anzais nos lugares más axeitados. Existen moitas variantes, desde unha cana cun fío, un chumbo e un anzol, ata as dotadas de carrete.

**Rañas**

Están formadas por uns anzais que se lastran cun peso. Engádanse cun cangrexo vivo (agora empregáñanse tamén cangrexos de goma).

Úsanse para pescar polbos. Arrástrase lentamente polo fondo desde unha embarcación. A voracidade dos polbos é tan grande que algúns mariñeiros usaban noutros tempos simplemente un carolo de millo para chamar a súa atención.

**Poteiras**

Úsanse para capturar luras e xibas. Trabállase desde unha embarcación pequena; lárgase a poteira ó mar e vaise petando (movendo a modo coa man arriba e abajo) para atraer ás luras e xibas que, ó confundila con peixes, tentan cazalo e quedan enganchadas na coroa de anzais.





## APARELLOS CON ENGADO

### Cangrexeira ou saranda



Ponse engado nunha bulsa colgada entre os ventos, fondéase, agárdase un tempo e levántase.

Úsase para pescar cangrexos, anguiás ou peixes miúdos de fondo que entren ós engados.



### Medio mundo

Para traballar fondéase a rede e vaise botando engado dentro para atraer os peixes. Cando entran, ízase a modiño para sacar o aparello da auga e cóllessene os que quedan dentro. Úsase polo día para pescar panchos, xurelos, piardas... É un aparello case en desuso.






## APARELLOS DE CERCO

Empréganse para encerrar un banco de peixes. Aproveitan o carácter gregario dalgunhas especies. Só seleccionan por tamaño en función da luz (abertura) das mallas.


### Cerco

Unha vez localizado un banco de peixe (pola vista, coa axuda do radar ou da sonda) dáse un lance: lárgase o aparello para rodealo. Logo péchase a rede por debaixo coa xareta, recóllense os panos para concentrar a pesca na enxagua, e de alí recóllese coa axuda de salabardos ou trueis.



Úsase ó axexo (noitiña) ou á luzada (ó escomenzar a abrir o día) para capturar especies gregarias: sardiñas, xurelos, bocareus, rincha e, ocasionalmente, sargo, robalo...

Os barcos máis pequenos usan un cerco de menores dimensións que se chama raspita. Os atuneiros usan cercos máis grandes e de panos moi resistentes.



### Atallada

É unha rede de grandes dimensións que se arma coa marea chea delimitando unha zona que ó devalar a marea quedará en seco. Captura especies que se alimentan nos intermareais, como muxes, sollas, robalizas... Está en desuso.





## APARELLOS DE ENMALLE

Son redes de garete nas que os peixes mullan (engánchanse polas galadas ou quedan enleados) ó tentar atravesalas. Seleccionan as especies segundo o tamaño da malla, a zona onde se larguen e a profundidade á que se calen. Os aparellos de enmalle, especialmente as volantas, polo seu tamaño e o material de que están feitas, son o peor inimigo co que se poden atopar os animais mariños. Focas, golfinos, tartarugas e aves son víctimas habituais deste tipo de redes.

### Xeito

Son redes dun só pano. Ármanse en caceas e cálanse mantendo o aparello a unha altura determinada mediante boureis. O peixe mulla no aparello ó achegarse ou alonxarse da costa. Logo levántase e desmállase. Pódese usar ó axexo ou á luzada para a pesca da sardiña. Actualmente está en desuso.


Foi un aparello moi importante noutros tempos e deulle nome ás embarcacións e ós mariñeiros que o usaban (xeiteiros).



### As volantas

Son semellantes ás pezas do xeito e poden acadar ata 10 km de lonxitude. Están feitas de materiais sintéticos invisibles para os peixes. Úsanse para pescar especies peláxicas como o bonito e o atún.

CON TANTA VOLANTA SÓTA  
HAI QUE ESTAR PREPARADOS




## Betas

Son aparellos de malla lasa con gran variedade de medidas segundo as necesidades, o lugar ou as especies a capturar. Ármanse con máis ou menos chumbo segundo se queira apegalo ó fondo ou mantelo entre augas.

Pódense usar fixas, ó garete ou ó embalo (rodeando o peixe e golpeando o mar con remos ou pandullos para obrigalo a mollar na rede).

As rascas ou raeiras son semeillantes ás betas, coa malla moi lasa (25 a 30 cm) e con moito chumbo para que toquen no fondo. Úsanse para pescar raias, centolos, lumbrigantes, rodaballo, rabadas...



## Trasmallos

Están formados por tres panos paralelos. Lárganse e fondéanse nunha zona limpa ou arredor das pedras (touzas) e déixanse no mar varias horas. Os peixes embisten no pano fecheiro (que vai no medio), empúxano e ó tentar pasar polos panos da beira forman bulsas onde quedan mallados. Capturan maragotas, vellos, robalizas, linguados, nécoras, centolos, xibas, polbos...



Os miños son semellantes ós trasmallos, máis altos e coa malla máis lasa. Capturan especies máis grandes como raias, rodaballo, xibas, centolos...





## APARELLOS DE ARRASTRE

Capturan especies que viven cerca do fondo. Só seleccionan as especies por tamaños segundo a luz das mallas. Son os menos selectivos porque capturan indiscriminadamente todo cando atopan no seu camiño. En case tódolos casos "varren" os fondos trasladando, e en moitos casos, destruíndo especies, que sen ter valor comercial son elementos importantes no difícil equilibrio dos ecosistemas.

### Rapeta

Lárgase no limpo coa axuda dunha pequena embarcación e gáñase á man desde terra polas tralla amarradas ás cangas. Úsase en zonas de pouca fondura e durante as secas para capturar chafos, camaróns, muxes, peixes de fondo...




A xábeга, de maiores dimensións, usábase hai anos para a pesca da sardiña destinada á conserva. Gañábase á man desde terra e en moitos casos coa axuda de bois.

### Chinchorro

Úsase nas zonas limpas. Lárgase contra a marea para que inflle o cope. Gáñase á man polo costado do barco ou desde dúas embarcacións. Captura fundamentalmente luras, chopos, xurelos, bolos...





O boliche é un aparello máis curto e máis alto para traballar na pedra.



**Bou de vara ou trambolín**


É un aparello de pequenas dimensións que se mantén aberto mediante unha vara de ferro. Úsase no limpo arrastrado por barcos a motor para coller vieiras, volandeiras, chopos, nécoras e outras especies de fondo.

**Baca**

Trabállase arrastrando pola popa do barco durante un tempo variable (1,5 a 4 horas). O aparello mantense aberto mediante unhas pezas planas - portas - amarradas de xeito que a presión da auga as mantén separadas.

Ó rematar o lance ízase a bordo, ábrese o cope pola xareta e escóllese o peixe. Captura especies de fondo: pescada, lirio, linguado, chopo, cigala... Traballa en zonas fondas fóra das rías.

A baquita é de menores dimensións e foi utilizada durante un tempo no interior das rías. O seu uso está prohibido.



O bou é un aparello semellante, de maiores dimensións, que traballa sen portas. O bou pode traballar un barco só ou ser arrastrado por dous traballando á parella.



### Arte brava

Traballase a pé, en zonas de pouca fondura. Cóllese polos mangos e vaise arrastando polo fondo. Os paus úsanse para facer saír os peixes dos seus agochos e para cortar�les a fuxida. Cando se ten colido dentro o peixe ou o marisco xúntanse os paus e levántase a rede para sacalo. Úsase para pescar camaróns, anguías e outros peixes pequenos.



### Truel

Presenta moitas variantes en formas e tamaños. Pódese usar para pescar ou como elemento auxiliar. Trabállase a pé ou desde unha embarcación. Úsase fundamentalmente para pescar camaróns.



### Rastro do camarón

A súa estructura é semellante ós rastos, de maiores dimensións e sen dentes. Arrástrase con embarcacións pouco potentes ou a pé. Úsase para pescar camaróns en zonas de pouca fondura.




## APARELLOS DE CRAVAR E ENGANCHAR

Son aparellos formados por un ou varios dentes afiados rematados en arpons. A selección de especies faina o mariñeiro visualmente. Capturan as presas de unha en unha.


### Fisga

Emprégase para apañar longueiróns. Dentro da súa aparente simplicidade, un arame longo cunha punta ancha cónica, implica un dobre coñecemento: recoñecer os buratos que os animais fan na area e saber que mentres están relaxados manteñen as cunchas entreabertas. Ó meter a fisga dentro do burato, esta baixa por dentro da cuncha do longueirón que, ó sentirse molestado, reacciona pechándoa. Ó sacar a fisga, a punta, máis ancha que a cuncha, arrastra o longueirón para fóra.




### Francada

Úsase para capturar sollas, muxes, xibas..., tanto a pé como desde unha pequena embarcación.



### Gancho, Bicheiro

Úsanse a pé ou desde unha pequena embarcación para capturar especies que viven nas fendas (polbos, congros, faneças barbudadas).





## APARELLOS DE CORTE



Úsanse para arrancar ou despegar especies que viven apegadas ás pedras: ostras, mexillóns, percebes, lapas, ourizos, peneiras...



Coitelo



Rasquetas



## OUTRAS MANEIRAS DE PESCAR

O coñecemento dalgunhas especies e os seus costumes é tan amplio que deu lugar a curiosas maneiras de capturalas.

O femieiro ou "puta". Úsase para pescar xibas. Ponse como engado unha femia viva amarrada cun cordel e, cun truel, cóllense tódolos machos que se achegan a ela.




Os ramos. As xibas apegan os ovos ás algas e outros obxectos do fondo. Para atraelass fondéanse ramallos de piñeiro nos lugares de desove e captúranse cun truel ou cunha francada.

## APARELLOS AUXILIARES

Complementan a acción dos outros.

### Espello ou mirafondos

Elimina a reflexión da superficie da auga e a deformación das imaxes que produce o movemento. Úsase para mirar os fondos cando se pesca con francada, fisga, etc.



### Facho

É unha lámpada de carburo.

O carburo, ó mesturarse con auga, reacciona e desprende un gas que produce luz ó arder.

Usábase para iluminar os fondos pola noite e atraer ós peixes.

### Salabardo

É un aro metálico cun saco de rede que se usa para recoller, lavar ou almacenar as capturas.



Ben, e para despedirme queroiros recordar que ainda que a pesca é unha actividade necesaria para o ser humano, non debedes esquecer que cando algo se fai en exceso, e sen unha boa planificación, os resultados acaban sendo catastróficos para o medio ambiente. Así que, como Don Golfiño, pescade, pero con tino se queredes que o mar sexa un recurso duradeiro.

E xa nos vos entreño máis ¡Ata o próximo número, amigos!

---

Perdoadelle ós humanos que fixeron este traballíño os errores que puideron ter na súa elaboración e dos cales non se decataron.

Asdo.: **DON GOLFIÑO**

